

## CONTEXTUALIZACIÓN E VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA DO PLAN DE VIABILIDADE DO GRAO DE FILOSOFÍA, CURSO 2015/2016

O principal problema sinalado no Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade do Grao en Filosofía era a **redución de número de alumnado de novo ingreso**, sendo un obxectivo principal das medidas introducidas no Plan de viabilidade acadar o número mínimo de alumnado de novo ingreso (50) esixido pola Xunta.

Neste sentido cabe sinalar a existencia dun **aumento significativo na matrícula** en referencia aos anos que debemos considerar, isto é: pasouse dos 39 alumnos na **matrícula de inicio de estudos**<sup>1</sup> no curso 2013-2014, número que se repite idéntico en 2014/15), a 51 alumnos no 2015/16 e a 56 alumnos no presente curso 2016/17. Este incremento é significativo e podemos atribuílo ás acción de mellora emprendidas desde a Facultade, tanto máis se temos en conta o efecto negativo esperable da recente redución de horas de materias de Filosofía no currículo de bacharelato como consecuencia da aplicación da LOMCE así como da propia crise económica que afectou á matrícula universitaria.

Nesta liña consideramos que as accións contempladas neste Plan de Viabilidade vense reforzadas por outras enmarcadas no plan de melloras do Grao orientadas a proporcionar unha formación que permita aos egresados incorporarse a novos espazos profesionais e a que esta especialidade poda gañar recoñecemento e demanda social en ámbitos diferentes á docencia nos que sabemos que os nosos egresados xa están, de feito, presentes e son ben valorados.

Para avaliar con rigor o grao de execución das acción de melloras previstas nesta primeira fase así como o esforzo realizado tanto polo PDI como polo PAS da Facultade compre ter presentes as circunstancias institucionais nas que estas se desenvolveron. Compre ter en conta a redución da súa plantilla tanto docente (de 29 profesores na data de implantación do grao a 19 o curso pasado), como administrativa (de 2 administrativos para a xestión departamental a 1), así como outras circunstancias excepcionais que limitaron considerablemente a capacidade de xestión do equipo de dirección e administración do centro durante o curso 2015-2016

A capacidade de traballo da dirección viuse seriamente afectada durante o curso 2015-16 pola baixa por enfermidade grave do seu decano dende o inicio do curso (1/09/2015). Ata despois de xa rematado o primeiro semestre o vicedecano tivo que exercer as súas tarefas conxuntamente coas de decano (malia ser profesor interino), coa conseguinte merma na capacidade de acción do decanato. En 18/02/2016 púidose nomear finalmente

---

<sup>1</sup> Alumnado que se matricula por primeira vez no título excluindo ao alumnado procedente doutros títulos. Tomamos agora este índice porque é o que nos permite trazar a comparativa co curso actual 2016-17 do que unicamente contamos con datos referidos a el. En todo caso o alumnado de novo ingreso sempre estará por encima desta cifra.

un decano accidental que despois o foi en funcións, mais a elección dun novo equipo decanal tivo lugar só xa rematando o curso (23/6/2016). Deste modo, durante o segundo semestre o decano só puido atender as xestións máis urxentes. Todo isto complicou significativamente a execución das diversas accións de mellora, malia o cal moitas delas foron levadas a termo durante o curso.

Polo que se refire á xestión administrativa esta estivo limitada pola xubilación da Responsable de Unidade do Centro (30/11/2015), función que veu ser realizada polo secretario administrativo do decanato que desempeñou simultaneamente ambos traballos ata a incorporación o pasado mes de novembro a este posto doutra persoa.

A superación actual da situación descrita derivará nunhas condicións institucionais máis apropiadas para reforzar durante os próximos cursos as accións iniciadas nesta primeira etapa e soste deste xeito os efectos positivos xa detectados sobre a matrícula.

A continuación procederá a analizar a execución das accións de mellora recollidas no Plan de Viabilidade aprobado en setembro do 2015. Esta análise abrangue o realizado no curso 2015/2016 e a previsión para o 2016/17.

## Execución

### AM-01 Organización de conferencias temáticas para ser impartidas nos centros de ensino secundario de Galicia

#### Descrición da execución:

Reforzouse de xeito significativo a impartición de conferencias de filosofía por parte do profesorado da facultade en centros de ensino secundario no marco do Programa A Ponte co fin de dar maior visibilidade á titulación e procurar unha maior captación de estudantes de novo ingreso. No curso 2015-2016 impartíronse 16 conferencias noutros tantos institutos das catro provincias galegas o que supón un incremento moi significativo respecto aos cursos anteriores: 2013-14 no que non se impartiran conferencias e 2014-2015 no que se impartiran 3.

#### Estado da execución:

15/16, executada

16/17, en execución o prazo para a presentación de propostas de charlas na USC remata o 2 de decembro de 2016.

#### Evidencias da execución:

-Nº de conferencias impartidas en centros de ensino secundario: 16

-Nº de profesores implicados: 5

-Nº de centros visitados: 16

-A relación de conferencias e centros de ensino secundario onde se impartiron aparece recollida no Anexo I

-Demanda das conferencias temáticas: os institutos demandaron 37 charlas.

-Datos de matrícula: este indicador non é pertinente xa que non procede a matrícula nunha conferencia. Algúns institutos aportaron datos de asistencia baseados no número de matrícula dos cursos; os que dispoñemos oscilan entre os 27 alumnos do CPR Galaxia de Riveira e os 145 de Basanta Silva de Vilalba, o que permite unha aproximación ao elevado número de alumnado ao que chegaron estas conferencias.

#### Reflexión/comentarios/información complementaria:

As conferencias ofertadas no marco do programa A Ponte pola Facultade de Filosofía tiveron unha gran demanda por parte dos institutos (como se pode ver no apartado de evidencias execución e no Anexo I); sen embargo, esta demanda só puido ser satisfeita parcialmente dado o número de profesorado que tiña dispoñibilidade para colaborar nesta acción e as propias limitacións dos que o fixeron. Hai que ter presente o gran esforzo que supón para o profesorado desprazarse a institutos, algún deles lonxe de Santiago e, con frecuencia, nos mesmos días nos que teñen clases ou outras obrigas na facultade.

Un total de 5 profesores impartiron conferencias en 16 institutos, tanto situados

nas grandes cidades como en localidades pequenas, das 4 provincias galegas. Tamén se debe destacar a diversidade da temática ofertada, representativa de temas clásicos da filosofía (a teoría do coñecemento), de temas actuais (multiculturalismo, animalismo) e outros relacionados con preocupacións propias da adolescencia (ética e sexualidade). As conferencias ofreceron, tal e como se programara, un panorama dos diversos contidos que aborda a especialidade.

A oferta de conferencias desde o centro foi de 22 sendo a demanda desde os institutos de 37 se ben concentradas nas temáticas xa mencionadas das que solo se puideron impartir 16 polas limitacións do profesorado que tiña que impartilas.

De cara á oferta do curso que ven deberíamos reflexionar sobre as temáticas ofertadas que quedaron fora da demanda de cara a facela máis atractiva para o público ao que vai dirixida.

Valoramos moi positivamente esta acción xa que os indicadores sinalan que os obxectivos específicos tense cumprido en boa medida. Eses obxectivos eran: (1) mellorar a visibilidade da titulación de filosofía a través da explicación de contidos de interese para os estudantes de bacharelato , e (2) mellorar as porcentaxe de estudantes interesados en cursar estudos de Filosofía na USC. Consideramos que os o efecto desta acción pode estar presente no ascenso da matrícula de novo ingreso detectada á que xa se fixo referencia.

## Execución

### AM-02 Fomento da Olimpíada Filosófica no ensino medio

#### Descrición da execución:

- **Apoio á realización da Olimpíada Filosófica** a nivel autonómico e presenza de profesorado da Facultade nos tribunais de avaliación tanto autonómicos como nacionais.

A facultade acolleu a celebración da xornada coa que se pechou esta actividade que tivo lugar o día 3 de marzo á que asistiu o profesorado e alumnado das materias de filosofía dos institutos participantes en Galicia. A xornada incluíu diversos actos. Abriuse coa benvida do equipo decanal e unha conferencia de temática filosófica impartida polo profesor Francisco Conde, coordinador desta acción. As actividades centrais consistiron na exposición e presentación dos traballos realizados polo alumnado que foran seleccionados nunha primeira fase nos propios institutos. Estes traballos clasificados segundo as modalidades establecidas no concurso (exposición fotográfica, debates, enigmas lóxicos, etc.) foron valorados por tribunais que seleccionaron aos gañadores da olimpíada a nivel autonómico nos que participaron como membros da facultade os profesores José Luís Falguera e Óscar Horta. A xornada pechouse coa entrega de premios.

- **Participación do profesor Óscar Horta como membro do tribunal na fase final estatal desta olimpíada** á que concorreron os vencedores das edicións autonómicas celebrada en Oviedo os días 15 e 16 de abril de 2016.

#### Estado da execución:

15/16, executada

16/17, en execución (marzo - abril)

#### Evidencias da execución:

-A información da olimpíada autonómica de 2016 pode verse nos seguintes enlaces:

[http://olimpiadafilosoficagalicia.weebly.com/uploads/4/2/0/7/42079979/2614729\\_orig.jpg?759](http://olimpiadafilosoficagalicia.weebly.com/uploads/4/2/0/7/42079979/2614729_orig.jpg?759)

-Repercusión mediática: <http://www.crtvg.es/informativos/iii-olimpiada-filosofica-de-galicia>

-Datos e repercusión a nivel estatal:

<http://redfilosofia.es/olimpiada/archivo/iii-olimpiada-filosofica-2016>

**Reflexión/comentarios/información complementaria:**

A Olimpiada Filosófica é unha iniciativa destinada a promover a reflexión entre estudantes de institutos de ensino medio. Realízase a nivel local, autonómico, estatal e internacional. Nela, estudantes de moi distintos lugares participan presentando os seus traballos sobre cuestións filosóficas. En xeral, trátase dunha iniciativa que motiva a estudantes e profesorado e que fomenta o interese polo pensamento e a filosofía.

Como pode verse na información mediática que se adxunta, a participación da Facultade e do seu profesorado neste evento contribuíu ao obxectivo perseguido por esta acción cifrado en impulsar este evento e aumentar o seu impacto. A celebración da xornada final da fase autonómica na Facultade, pode actuar como un estímulo, especialmente entre os premiados, para cursar o grao de Filosofía en Santiago.

Respecto aos indicadores de éxito inicialmente recollidos no Plan de Viabilidade faise necesario cambiar o relativo a asistencia, dado que esta depende da organización exterior do evento localizada nos propios centros.

O efecto desta acción pode estar presente no ascenso da matrícula de novo ingreso detectada.

## Execución

### AM-03 Celebración do Día da Filosofía

#### Descrición da execución:

Celebración do Día da Filosofía respondendo á convocatoria da UNESCO que elixiu para este fin o terceiro xoves de novembro. Coincidindo con esa semana, ao longo de varios días, celebráronse unha serie de actos baixo o nome de “Filosofía na rúa” (Anexo II), tanto de carácter académico (conferencias) como culturais no máis amplo sentido (teatro, actuacións de música, lectura de poemas, presentación e exposicións de libros). Estes actos tiveron lugar tanto na propia facultade como en espazos exteriores (outros centros da USC, librarías, locais de ocio, etc.) e estiveron orientados a proxectar sobre a comunidade universitaria, o entorno próximo da cidade e, en xeral sobre a sociedade, o valor e o interese da filosofía como especialidade e os diversos temas e problemas que aborda. A organización do evento foi realizada por unha comisión dirixida polo profesor Oscar Horta integrada por estudantes e profesorado da facultade.

#### Estado da execución:

15/16, executada

16/17, executada

#### Evidencias da execución:

- A asistencia total agregada ao conxunto da actividade foi de en torno ás 300 persoas.
- Pode verse nas ligazóns abaixo a información e repercusión mediática do evento:

<http://www.santiagoturismo.com/axenda-cultural/filosofia-na-rua>

<http://ocioengalicia.com/santiago/filosofia-na-rua-semana-da-filosofia-en-compostela/>

[http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2015/11/18/teatro-te-kant/0003\\_201511S18C6995.htm](http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2015/11/18/teatro-te-kant/0003_201511S18C6995.htm)

<http://www.elcorreogallego.es/portada/ecg/usc-lleva-filosofia-calle-varias-actividades/idEdicion-2015-11-16/idNoticia-964165/>

#### Reflexión/comentarios/información complementaria:

Esta é unha acción plenamente enmarcada nunha das liñas do plan estratéxico da USC que sinala a importancia da difusión da oferta formativa e o compromiso e a implicación coa sociedade. Ten sido unha actividade cun grande impacto visibilizador dos estudos en filosofía na cidade e no propio ámbito universitario,

contribuíndo ao recoñecemento da Facultade e o seu espazo transdisciplinar no conxunto da oferta formativa da USC. Non podemos esquecer que esta é unha das características que se trata de poñer en valor e que leva nalgúns casos a estudar filosofía mesmo como segunda carreira. A iniciativa ven sendo moi ben acollida entre o alumnado do centro entre o que fomenta a participación, o coñecemento interpersoal e o sentido de pertenza, aspectos que non so contribúen a enriquecer a vida na Facultade se non que actúan á vez como elementos de atracción entre o alumnado exterior procedente, con frecuencia, do seu entorno.



## Execución

### AM-04 Elaboración de material informativo para grupos de interese

#### Descrición da execución:

Esta acción de mellora non puido levarse a cabo. Tal e como foi formulada resultou ser un traballo que excedía no momento actual ás nosas posibilidades. Coa intención de non renunciar aos obxectivos perseguidos a acción foi reformulada situando como primeiro paso a mellora da páxina web institucional.

#### Estado da execución:

15/16, redefinida  
16/17, en execución

#### Evidencias da execución:

Páxina web do centro

#### Reflexións/comentarios/información complementaria:

Dada a imposibilidade no contexto actual da Facultade de elaborar material informativo dirixido especificamente a grupos de interese moi concretos e valorando que a páxina web da Facultade reflectía certas dificultades para atopar informacións básicas relativas ao centro, reformulouse esta acción de mellora e enfocouse en primeiro lugar cara a mellora da páxina web institucional.

Crucial hoxe en día, por ser o primeiro canal de información ao que acode un usuario, é a existencia dunha páxina web actualizada, útil e funcional, na busca de mellorar a navegabilidade. Dentro das limitacións que impón o feito de ter unha páxina institucional (non propia da Facultade e por tanto cun formato máis ou menos ríxido para todos os Centros da nosa Universidade) pensouse en deseñar una páxina máis atractiva, sinxela e intuitiva que de imaxe de calidade, con enlaces facilmente localizables e datos e informacións actualizadas.

O deseño dunha páxina web para a difusión do novo Máster en Filosofía resultou ser unha experiencia moi positiva para a redefinición desta acción. Considerouse que a web institucional da USC podía ser utilizada como un recurso a nosa disposición para proxectar unha boa imaxe da Facultade e dar a coñecer entre os grupos de interese aos que se dirixía esta acción as propias actividades que se levan a cabo no centro.

Nun segundo paso e progresivamente a páxina poderá incorporar os materiais que se contemplaban nesta acción de mellora do Plan de Viabilidade, tanto elaborados polo profesorado como mediante enlaces con fontes diversas seleccionadas con rigor e adecuadamente etiquetadas.

Seguindo esta liña de reformulación da acción de mellora, realizáronse algunhas melloras na páxina web institucional como a ampliación e actualización de contidos e unha reordenación destes máis clara e áxil. Igualmente abriuse unha liña de traballo para valorar a creación dunha web propia e estudar o seu enmarque no novo deseño da información en rede que está deseñando a USC nestes momentos e que previsiblemente será realidade a medio prazo. Como resultado desta valoración procederase a operacionalizar os obxectivos propostos e a secuenciar as tarefas en función das esixencias propias e condicións institucionais deste instrumento de difusión.

## Execución

### AM-05 Organización de conferencias destinadas aos líderes de opinión

#### Descrición da execución:

Relación dun conxunto de actividades (conferencias, seminarios, xornadas, cursos, reunión) difusoras das temáticas, problemas e enfoques propios da Filosofía entre públicos diversos e, en particular, líderes de opinión que poden influír na valoración social destes estudos e a decisión de cursalos.

#### Estado da execución:

15/16, executada  
16/17, en execución

#### Evidencias da execución:

-Relación adxunta de actividades (Anexo III)

#### Reflexións/comentarios/información complementaria:

As actividades incluídas neste apartado foron moi numerosas e diversas. Pode considerarse que todas elas, en maior ou menor medida, contribuíron a difundir o valor da filosofía entre líderes de opinión como egresados, profesores e orientadores dos centros de ensino medio, e persoas de relevancia pública, que poden influír positivamente sobre a toma de decisión de estudar filosofía.

Os indicadores de execución non obstante, cifrados inicialmente en datos sobre número de asistencia e de matrícula nestas actividades, reveláronse difíciles de obter na media en que a maioría, se non todas, son de libre asistencia e non procede por tanto solicitar unha identificación persoal. Neste sentido consideramos que a documentación relativa á convocatoria e publicidade das actividades pode ser tomada como un indicador fiel e suficiente da súa realización. A ubicación da Facultade na zona monumental de Santiago de Compostela e a súa posición central no espazo urbano da cidade, carácter histórico do edificio e calidade das instalacións, xunto coa diversidade temática e interese interdisciplinar dos actos que realiza, favorece unha asistencia ás mesmas dun gran número de persoas externas ao centro.

As condicións materiais sinaladas son un recurso moi valioso para seguir reforzando en anos sucesivos esta acción divulgadora da filosofía.

Non obstante outro aspecto da formulación dos obxectivos que deberá ser corrixido é a frecuencia das actividades que se cifrou en dúas mensuais e que, a todas luces, excede a capacidade organizativa e a compatibilidade coas obrigas docentes, investigadoras e de xestión da actual plantilla do centro.

Unha actividade que non fora prevista inicialmente no marco desta acción pero que foi posteriormente considerada como moi valiosa para impulsala foron os grupos de lectura na medida en que permiten manter o vínculo da facultade cos egresados, aportándolles un espazo para manterse ao día na reflexión e o debate sobre obras claves da filosofía, tanto clásicas como de actualidade. Consideramos que isto transmite unha imaxe de vitalidade acerca do centro da que eles mesmos serán tamén transmisores. Esta experiencia levounos a valorar a posibilidade de darlle un marco estable e institucional a esta actividade baixo a formulación de “Grupos de lectura en Filosofía” así como de abrilos á participación mediante invitación a estudantes e egresados doutras especialidades e aos grupos de interese con capacidade de influencia e liderado contemplados nesta acción de mellora.

No conxunto de actividades realizadas están presentes os distintos sectores aos que se dirixía esta acción (intelectuais e políticos de relevancia pública, egresados que se atopan traballando en distintos ámbitos e profesorado de ensino público), nalgúns casos como destinatarios e noutras como conferenciantes invitados pola facultade e difusores da súa imaxe. Destacamos igualmente que algunhas destas actividades supuxeron unha proxección da facultade en institucións de relevancia académica e cultural como universidades públicas de España e Portugal, o Consello da Cultura Galega, a fundación Paideia, etc.

## Execución

### AM-06 Análise das taxas de rendemento e graduación

#### Descrición da execución:

Analizar as taxas de rendemento e graduación detectando variacións significativas nos resultados de avaliación por curso e por materia que podan ter un efecto significativo sobre estas.

#### Estado da execución:

15/16, limitada á análise e diagnóstico realizado para a redacción do Plan de Viabilidade do título, presentado en Setembro de 2015.

16/17, en execución, enmarcada no plan de coordinación e titorización iniciado a principios de curso

#### Evidencias da execución:

-Informes de reunións de coordinación por curso do primeiro semestre 16/17 accesibles na materia para Coordinación do Grao do Campus Virtual

#### Reflexión/comentarios/información complementaria:

No Plan de Viabilidade do Título (setembro 2015) víñase a recoñecer (pax. 18 e ss.) que, aínda que as taxas do Grao de Filosofía da USC están por debaixo da media de Graos en Filosofía doutras universidades do ámbito do estado español, están en liña coas de aqueles graos en Filosofía que son considerados máis prestixiosos nese ámbito. En todo caso os datos existentes nesa data reflicten taxas por enriba do previsto na Memoria de Verificación do Título de Grao en Filosofía da USC.

O obxectivo desta acción diríxese a impulsar un aumento das taxas de rendemento sen afectar á calidade do ensino. Como tal quedou enmarcada no plan de coordinación de cursos que contempla outras tarefas coas que esta debe articularse (Anexo IV). Nas primeiras reunións de coordinación que se levaron a cabo a principios de curso (22 de setembro de 2016) procedeuse a analizar as materias con desviación significativas nas cifras máis altas de aprobados, suspensos e non presentados por curso. Quedou de releve a importancia de tomar en conta estes datos no primeiro curso no que a taxa de alumnado non presentado é moi alta e ten, por tanto un gran peso nas taxas xerais referidas ao título.

Constatouse tamén a falta de datos axeitadamente tratados desde o punto de vista estatístico para facer estas análises así como a necesidade de demandalos á oficina de calidade da USC.

## Execución

### AM-07 Introducción de calendarios de avaliación

#### Descrición da execución:

Elaboración de calendarios de avaliación por semestre para cada curso nas que se fixan as datas de entrega e realización das distintas tarefas esixidas polo profesorado (entrega de traballos, probas, exames, etc.) distribuídas de maneira equilibrada de cara a que o alumnado poda planificar con tempo o seu traballo e estudo mellorando deste xeito o seu rendemento.

Difusión deste calendarios por medio das aulas virtuais para a coordinación de cada curso así como nos taboleiros de anuncios das aulas.

#### Estado da execución:

15/16, iniciada e interrompida

16/17, en execución

#### Evidencias da execución:

- Informes de coordinación de cursos (Anexo IV)
- Exposición de calendarios da aula virtual dedicada a coordinación por curso, accesible a todo o alumnado matriculado (Anexo V)

#### Reflexións/comentarios/información complementaria:

Esta acción foi iniciada no primeiro semestre do curso 2015-2016 pero as limitacións na capacidade de xestión administrativa do centro impediron a súa continuidade durante o segundo semestre.

Na actualidade, tal e como fora previsto no Plan de Viabilidade, a acción quedou enmarcada nun plan de coordinación e acción tutorial que se puxo en marcha no presente curso e que forma parte do plan de melloras deseñado para o curso 2016-2017. Seguindo este plan nas reunión de coordinación celebradas a principio de curso (22 de setembro) foron elaborados os calendarios do primeiro semestre e foron subidos ás aulas para a coordinación de cursos habilitadas no campus virtual da USC. A estas aulas, que se puxeron por primeira vez en funcionamento durante este curso, teñen acceso tanto o profesorado como o alumnado de cada curso. Os calendarios tamén se fixeron públicos nos taboleiros de anuncios das aulas correspondentes aos diferentes cursos.

A acción persigue contribuír a unha distribución equilibrada da carga do traballo de alumnado así como a unha organización máis racional do seu tempo e hábitos de traballo.

Neste sentido é esperable que, xunto coas demais accións de coordinación previstas e reforzándose mutuamente, os calendarios teñan un efecto positivo sobre as taxas de rendemento e graduación que poderá ser ponderado nos resultados deste curso e o que ven.

## Execución

### AM -08 Grupos de discusión con egresados/as

#### Descrición da execución:

Esta acción articulouse no Encontro interacadémico de ensinantes de Filosofía durante tres xornadas, os días 21 de outubro, 28 de outubro, y 4 de novembro do 2016 na aula 4 da Facultade de Filosofía. Tivo una total de 9 horas de duración. O 45% dos asistentes eran egresados da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela.

Analizáronse e deseñáronse liñas de acción en:

- Aspectos curriculares
- Aspectos profesionais

Organizáronse 4 comisións de traballo coa función de elaborar protocolos de acción en temas clave, tales como o deseño curricular dos contidos de Filosofía, exames de reválida e selectividade, publicidade e visualización dos estudos de Filosofía e discurso estratéxico do perfil profesional dos nosos egresados.

#### Estado da execución:

15/16, non executado  
16/17, en execución

#### Evidencias da execución:

- Informe coordinador do encontro, profesor Francisco Conde Soto (Anexo VI)
- Listado de firmas de asistentes (Anexo VI)

#### Reflexión/comentarios/información complementaria:

A acción executouse de momento en relación co profesorado de Filosofía. Resta contactar con egresados non ensinantes os cales representan cunha porcentaxe relativamente pequena. Así mesmo, esta acción insírese nun proceso que terá continuidade nunha próxima entrevista coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia para facer chegar as nosas inxerencias profesionais. Os encontros interacadémicos presumiblemente requirirán accións continuadas nos próximos anos e articulación das reflexións en accións tendentes a visualizar o papel da Filosofía na ensinanza e na sociedade.

Os encontros realizados son un instrumento moi útil para valorar a situación dos nosos egresados cuxa dedicación profesional é a educación en Filosofía no ensino medio. Motívase a relación persoal e profesional a través dun vínculo común de docentes e discentes sustentada no tempo e na experiencia conxunta. Proporciónanse criterios obxetivables de valoración da nosa actividade



profesional así como a posta en común do noso coñecemento profesional acumulado e compartido. Sobre estes datos pódense facer previsións razoables dos intereses curriculares dos nosos futuros egresados do ámbito docente.

## Execución

### AM-09 Creación dun censo de egresados

#### Descrición da execución:

Elaborouse un censo con todos os egresados da titulación de Grado en Filosofía dende a súa implantación, como paso previo á creación dun censo restrinxido/comité consultivo, de persoas que se reúnan con certa periodicidade, co obxecto de valorar a utilidade das competencias e coñecementos adquiridos ou de rentabilizar a súa experiencia profesional á hora de asesorar sobre tendencias e cambios demandados para tomalos en conta na formación que ofrece o Grao en Filosofía.

#### Estado da execución:

- 15/16, executado creación dun rexistro egresados dende a implantación da titulación.
- 16/17, traballárase sobre a creación dun censo restrinxido/foro consultivo de egresados ou representantes de intereses externos.

#### Evidencias da execución:

Incorporación ao arquivo administrativo da Facultade dun rexistro de egresados da titulación de Grado en Filosofía, dende a súa implantación no ano 2009, cos seus datos de contacto. (Non se incorpora este arquivo como anexo, ao conter datos persoais dos egresados)

#### Reflexión/comentarios/información complementaria:

Para valorar se realmente os contidos e obxectivos da titulación satisfacen as necesidades do alumnado, de cara a súa inserción e desenvolvemento no mercado laboral, é necesario fortalecer un sistema de consultas con egresados que permita recibir unha axeitada retroalimentación de información sobre a utilidade do contidos e competencias adquiridas, co fin último de actualizar o perfil do futuros titulados. Faise necesario acadar un maior contacto e seguemento cos egresados, polo que considerouse fundamental como paso previo ao establecemento de colaboracións e/ou reunións periódicas cos mesmos, a elaboración dun rexistro que contivese os datos necesarios para poder contactar con eles de maneira áxil e eficaz, tarefa que se levou a cabo no curso 15/16.

Unha vez obtida esta base global de datos, estanse a estudar varias posibilidades co fin de establecer censos de egresados máis restrinxidos ou foros consultivos, que fagan áxiles e eficaces este tipo de accións de asesoramento. Entre as posibilidades a avaliar:

- Facer un envío masivo por correo electrónico a todos os egresados que figuraban na base de datos, para explorar cantos deles estarían interesados en participar activamente en este tipo de grupos ou foros de discusión. Posteriormente a isto e en función das persoas que estiveran dispostas a colaborar, habería que valorar cómo establecer grupos ou censos que realmente fosen de utilidade para acadar o obxectivo que se pretende.
  
- Crear un comité consultivo, que se reuniría con certa periodicidade, formado por representantes de grupos de interese externo (directivos externos, persoas do ámbito da administración, persoas do ámbito científico e universitario alleo ao Centro, persoas vinculadas a ONG`s, decanos de colexios profesionais, antigos alumnos, membros da comunidade universitaria alleos ao Centro, egresados que realicen a súa labor profesional en ámbitos alleos á Filosofía, etc.) Este comité tería como finalidade asesorar á Facultade sobre tendencias e cambios sociais de interese para actividade docente e investigadora, canalizar cara a sociedade a información sobre o centro, reflexionar sobre se o perfil de egreso da titulación responde as demandas do mercado laboral, etc.

Aínda que xa se comezou a reflexionar sobre este aspecto, será a Comisión de Calidade do Centro ao longo deste e vindeiro curso a que en última instancia decidirá que acción concreta levar a cabo.

## Execución

### Plan de Renovación do Grao en Filosofía

#### Reflexión/comentarios

O Plan de Viabilidade trazaba unas liñas xerais de actuación así como un calendario orientativo para estudar a renovación do Grao en Filosofía para adaptalo a unha nova realidade laboral dos titulados non necesariamente ligada ao ensino medio. Nestas liñas sinalábase a necesidade de conformación dun novo plan de estudos seguindo o modelo proposto para as universidades españolas que resultara da discusión aberta en torno a alternativa 4+1 ou 3+2.

Nas Xuntas ordinarias de Facultade celebradas os días 9 e 24 de setembro de 2015 déronse os primeiros pasos para a execución desta acción co nomeamento dunha comisión con representacións de todas as áreas de coñecemento implicadas na docencia do grao.

Como pode verse no Anexo VII iniciouse un traballo de revisión de planes de estudo de Grao en Filosofía de universidades españolas e estranxeiras facendo unha recollida de datos comparativa referida a aspectos como metodoloxías, materias diferentes, optatividade, dobres graos etc., de cara a discutir e valorar estas opcións. A indeterminación respecto ao modelo a seguir que emanaba das diversas declaracións feitas pola CRUE durante o pasado curso, xunto coas circunstancias de sobrecarga de traballo derivada das circunstancias institucionais xa descritas levaron a paralizar esta acción a favor de outras que se consideraron prioritarias. Na asemblea xeral celebrada o pasado 25 de abril, a CRUE, con excepción das universidades catalás, decantouse por prolongar o modelo 4+1 polo menos ata o curso 2017-18. Isto sinala un horizonte para o desenvolvemento desta acción nos próximos dous cursos de cara a afrontar con previsión os cambios. As liñas de actuación contempladas nesta acción referíanse fundamentalmente á transformación de contidos e innovación docentes. Pero será necesario estudar tamén as posibilidades de novas modalidades de oferta que sabemos que se están dando na propia USC e noutras universidades como dobres grados ou matrículas semi-presenciais. A estratexia a seguir deberá ser, en todo caso, a de configurar unha oferta diferenciada, atractiva e de calidade máis acorde coas transformacións sociais que reducen as posibilidades de demanda dun modelo excesivamente centrado nos recursos de docencia tradicionais e de profesionalización cara ao ensino medio. Así pois o paso máis inmediato a realizar durante este curso será actualizar os materiais recollidos e analizar en profundidade prácticas e modelos que se están dando tanto en titulacións de Filosofía como noutras titulacións e que poderían ser imitados.

